



## PLAN DE ACTUACIÓN 2026

**ENTIDADE: FUNDACIÓN GALICIA EUROPA**

**CIF: G15140023**

**Nº DE REXISTRO:1988/1**

**EXERCICIO: 2026**

**DATOS DA ENTIDADE:**

Domicilio: C/ HÓRREO 61

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Código postal: 15701

Provincia: A Coruña

Correo electrónico: SANTIAGO@FUNDACIONGALICIAEUROPA.EU

Teléfono:+34 981 54 10 12

<b>1.- ACTIVIDADES .....</b>	<b>1</b>
ACTIVIDADE 1 : DEFENDER OS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE .....	1
A) Identificación .....	1
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	4
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	5
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	5
ACTIVIDADE 2 : PROMOVER A PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS.....	6
A) Identificación .....	6
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	7
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	7
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	7
ACTIVIDADE 3: INFORMAR E SENSIBILIZAR SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA .....	8
A) Identificación .....	8
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	8
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	9
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	9
ACTIVIDADE 4: FORMAR EN ASUNTOS EUROPEOS.....	10
A) Identificación .....	10
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	10
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	10
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	11
ACTIVIDADE 5:APOIAR AOS MOZOS E MOZAS GALEGOS COMO CIDADÁNS ACTIVOS E PARTICIPATIVOS NO PROCESO DE CONSTRUCCIÓN EUROPEA (EUROXUVENTUDE).....	12
A) Identificación .....	12
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	12
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.....	13
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.....	13
<b>2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE .....</b>	<b>14</b>
<b>3.-PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE .....</b>	<b>15</b>
3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade .....	15
3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade.....	15

## 1.- ACTIVIDADES

### ACTIVIDADE 1 : DEFENDER OS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE

#### A) Identificación

Denominación da actividade	Defensa dos intereses galegos ante a UE
Tipo de actividade*	Accións para garantir a representación de Galicia ante a UE Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Bruxelas/Santiago

#### Descrición detallada da actividade prevista

Entre os múltiples temas nos que a FGE traballa cos departamentos da Xunta de Galicia para a defensa dos seus intereses na UE, en 2026 destacarán os seguintes:

- A participación na negociación da proposta de marco financeiro plurianual da UE 2028 – 2034. Prestarase unha atención especial aos planes de colaboración nacional e rexional previstos nesta proposta para facer fronte dende unha perspectiva nacional e con recursos limitados a políticas tan diversas e importantes como a Agricultura e a Pesca, a Cohesión ou as políticas sociais. No marco deste debate, a FGE elaborará informes de análise sobre os debates europeos no ámbito da política rexional e de cohesión europea, principalmente para a consellería de Facenda, coa que traballará en estreito contacto para avaliar as mellores opcións para Galicia. Igualmente coordinarase con outras consellerías para definir os intereses de Galicia nas diferentes áreas sectoriais cubertas polo orzamento europeo: agricultura e pesca, economía e industria, innovación, etc. Por outra banda, a FGE impulsará e defenderá ante as institucións europeas e o goberno de España as posicións que mellor conveñan aos intereses de Galicia e traballará en rede coas rexións españolas e outras europeas para reforzar a súa mensaxe.
- Outros temas de relevancia para Galicia que marcarán a actividade da FGE serán:

- Seguimento e análise de todas aquelas iniciativas impulsadas no marco da transición verde europea que repercutan en Galicia, como o proceso destinado a establecer un obxectivo climático para 2040. No marco da coordinación da delegación española do Comité Europeo das Rexións, apoio á inclusión, en textos internacionais, do papel dos gobernos rexionais e locais na loita contra o cambio climático.
- Apoio á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para garantir o equilibrio entre a protección da biodiversidade e o desenvolvemento dos sectores produtivos. Destacan a contribución ao debate relativo á convivencia das actividades agrarias cos grandes carnívoros, o seguimento da posta en marcha da Lei de Restauración da Natureza ou o fomento da enerxía eólica terrestre.
- Contribución ao debate sobre a transición enerxética no ámbito da pesca e sobre a avaliación da Política Común de Pesca, así como seguimento, en coherencia cos traballos relativos ao MFP, dos debates e negociacións sobre o futuro Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), posterior a 2027.
- Seguimento da aplicación en Galicia do mapa revisado da Rede Transeuropea de Transportes e do procedemento de infracción iniciado a España sobre a prórroga da concesión da AP9
- A defensa e apoio á creación dunha Macrorrexión Atlántica.
- Continuación do seguimento da lexislación vinculadas á transición xusta, en particular no contexto do futuro MFP. Ante a necesidade de abordar a transición climática dende unha perspectiva social e territorial, velarase por que se manteñan mecanismos específicos de apoio ás rexións en transición, e defenderase a ampliación do concepto de transición xusta a sectores industriais en transformación, promovendo a súa inclusión nas futuras políticas e fondos europeos.
- Apoio á Consellería de Economía e Industria na súa participación en diversas redes e iniciativas europeas coas que se fomenta a transformación da industria da automoción, en particular, nas impulsadas polo Comité Europeo das Rexións [a Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA) e o Grupo Interrexional sobre o futuro do Automóbil (CoRAI)]
- Seguimento dos debates e negociacións sobre o futuro Fondo de Competitividade e a súa incidencia na capacidade das rexións para desenvolver políticas adaptadas ás súas necesidades. Análise das sinerxías co programa de I+D+I posterior a 2027, Horizonte Europa, e valoración do impacto que a absorción doutros fondos relevantes -LIFE, UEproSaúde - poida

- ter na continuidade de prioridades como a protección do medio ambiente ou a saúde, asegurando que non queden desatendidas neste novo instrumento.
- Seguimento das políticas europeas en materia de defensa e apoio á proxección da Iniciativa Estratéxica de Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030, en coordinación coa Consellería de Economía e Industria.
  - Seguimento das políticas e programas europeos que afectan á transformación industrial de Galicia, en liña con iniciativas xa desenvolvidas en Galicia [v.g. Proxectos Industrias Estratéxicos (PIE); Proxectos de Interese Común (PCI)] e apoio á Consellería de Economía e Industria na súa posta en marcha a nivel europeo.
  - Seguimento do debate relativo ás posibles modificacións do marco regulador de axudas estatais.
  - O seguimento da plataforma STEP para impulsar os investimentos e tecnoloxías críticas na UE
  - Seguimento dos resultados da execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
  - Apoio á AMTEGA para a súa participación no debate a nivel europeo sobre o desenvolvemento da IA.
  - Apoio á Axencia Galega de Innovación (GAIN) no seguimento das prioridades e os programas europeos relacionados coa innovación a nivel europeo.
  - A participación na rede de rexións con desafíos demográficos (DCRN), que chama a atención sobre as necesidades especiais destas a escala europea, en particular, no debate sobre o futuro da política de cohesión.
  - Apoio á Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración, na avaliación e seguimento demandado polo Comité Europeo das Rexións en relación coas actividades desenvolvidas en 2025 no marco do Premio Rexión Emprendedora Europea 2025.
- Posta a disposición da Xunta de Galicia de asesoramento técnico e o apoio para asegurar unha activa participación da comunidade autónoma nos foros europeos de carácter institucional dos que é membro ou nos que está invitada a pronunciarse, como o Comité Europeo das Rexións.
- Organización e impulso dos traballos da delegación española no Comité Europeo das Rexións, cuxa presidencia recae ata o mes de xullo no presidente da Xunta de Galicia.

- Apoio á participación da Xunta de Galicia nas formación do Consello da UE en materia de Educación y Cultura e en materia de política pesqueiras durante o segundo semestre de cara a asegurar unha efectiva coordinación das comunidades autónomas.
- Apoio á participación da Xunta de Galicia naquelas redes de cooperación rexional das que os diferentes departamentos da Xunta son membros: a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, ERRIN, Vanguard Initiative, NECSTOUR, etc.
- Organización de encontros periódicos virtuais entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea co obxectivo de debater sobre distintos temas da axenda comunitaria, así como explicar ante a Comisión Europea o traballo desenvolvido pola Xunta de Galicia.
- Organización de visitas institucionais a Bruxelas e de reunións virtuais coas institucións comunitarias.
- Elaboración dun informe semestral para o Consello da Xunta sobre a defensa dos intereses galegos perante a UE.
- Organización de seminarios e fomento da participación galega na Semana Europea das Rexións e das Cidades.

## B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	6	5.616

### C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número Previsto 2026
Persoas físicas - directas	700
Persoas físicas - indirectas	6.000
Persoas xurídicas	40

### D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
<b>DEFENDER OS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reunións do Comité das Rexións</li> <li>- Reunións CORE</li> <li>- Reunións doutras redes de cooperación rexional</li> <li>- Asistencia a conferencias e seminarios en Bruxelas</li> <li>- Encontros virtuais - Reunións Xunta- Comisión Europea (encontros virtuais)</li> <li>- Reunións alto nivel UE- Xunta de Galicia</li> <li>- Visitas institucionais</li> <li>- Foros na oficina FGE</li> <li>- Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas</li> <li>- Foros con participación activa de Galicia: EURegionsWeek</li> <li>- Resposta a consulta pública da CE</li> <li>- Convenios para a defensa de intereses en Bruxelas</li> </ul>	285

## ACTIVIDADE 2 : PROMOVER A PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS

### A )Identificación

<b>Denominación da actividade</b>	Promover a participación galega en proxectos europeos
<b>Tipo de actividade *</b>	Promoción da participación das entidades galegas en proxectos europeos. Actividade propia
<b>Identificación da actividade por sectores **</b>	Z01
<b>Lugar de desenvolvemento da actividade</b>	Santiago/Bruxelas

### Descrición detallada da actividade prevista.

- Organización de 2 novas edición do seu programa de especialización en financiamento comunitario “TecEuropa”.
- Dinamización da rede de especialistas “TecEuropa”, formada por profesionais ao servizo de entidades galegas susceptibles de optar a fondos da Unión Europea., mediante a difusión das posibilidades de financiamento europeo
- Asesoramento aos actores galegos interesados en participar en proxectos europeos.
- Difusión da Guía de Financiamento Comunitario 2021-2027.
- Difusión dos proxectos europeos con participación galega.
- Comunicación, visibilidade e difusión de proxectos financiados polos fondos europeos en Galicia, destacando proxectos emblemáticos ou boas prácticas
- Colaboración coa Consellería de Facenda para a promoción do acto anual de comunicación e difusión dos fondos europeos en Galicia e do concurso sobre proxectos europeos #EuropaXunta
- Apoio á consellería de Facenda no deseño da estratexia de comunicación de fondos europeos en Galicia

### B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	7	1.989

### C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número Previsto 2026
Persoas físicas – directas	140
Persoas xurídicas	130

### D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
<b>PROMOVER A PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participantes en cursos de financiación comunitaria</li> <li>- Cesión de salas</li> <li>- Cursos de financiación comunitaria TecEuropa</li> <li>- Horas de sala utilizada por terceiros</li> <li>- Difusión de proxectos europeos en Galicia</li> </ul>	235

## ACTIVIDADE 3: INFORMAR E SENSIBILIZAR SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA

### A ) Identificación

Denominación da actividade	Información e sensibilización sobre a UE en Galicia
Tipo de actividade *	Información. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago / Bruxelas

### Descrición detallada da actividade prevista

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mantemento dun sitio web propio de información europea dende unha perspectiva galega.</li> <li>- Difusión de información europea a través de redes sociais.</li> <li>- Publicación e envío dun boletín electrónico mensual sobre actualidade comunitaria dende un punto de vista galego, no que tamén se informa sobre a participación galega nos asuntos europeos e se seleccionan as convocatorias máis relevantes de programas de financiamento, as consultas públicas e eventos europeos de interese.</li> <li>- Presentación dunha memoria anual das actividades desenvolvidas pola FGE no cadro dos seus obxectivos</li> </ul>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	7	1.911

### C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número Previsto 2026
Persoas físicas – directas	9.000
Persoas xurídicas	27.000

### D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
INFORMAR E SENSIBILIZAR SOBRE A UE EN GALICIA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Información enviada á Xunta de Galicia</li> <li>- Noticias FGE</li> <li>- Noticias Galicia na UE</li> <li>- Noticias UE</li> <li>- Noticias EuroXuventude</li> <li>- Boletines electrónicos</li> <li>- Artigos para a revista ECO</li> </ul>	39

## ACTIVIDADE 4: FORMAR EN ASUNTOS EUROPEOS

### A) Identificación

Denominación da actividade	Formación en asuntos europeos
Tipo de actividade*	Formación. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

### Descrición detallada da actividade prevista.

- Convocatoria de bolsas dirixidas a titulados superiores, para a realización de prácticas en asuntos europeos na oficina da FGE en Bruxelas.
- Acollemento en prácticas de estudantes de graos e mestrados universitarios da Universidade de Santiago de Compostela.

### B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	6	1.638

### C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número Previsto 2026
Persoas físicas – directas	4
Persoas xurídicas	1

**D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.**

<b>Obxectivo</b>	<b>Indicador</b>	<b>Cuantificación</b>
FORMAR EN ASUNTOS EUROPEOS	– Formar a mozos e mozas en asuntos europeos	4

## ACTIVIDADE 5: APOIAR AOS MOZOS E MOZAS GALEGOS COMO CIDADÁNS ACTIVOS E PARTICIPATIVOS NO PROCESO DE CONSTRUCCIÓN EUROPEA (EuroXuventude)

### A )Identificación

Denominación da actividade	Promoción da participación activa da xuventude galega no proceso de construción europeo (EuroXuventude)
Tipo de actividade*	Formación. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

### Descrición detallada da actividade prevista.

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Difusión e divulgación da Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais.</li> <li>- Participación da FGE en dous proxectos cofinanciados pola UE e relacionados coa dinamización da xuventude no eido rural.</li> <li>- Organización de actos divulgativos sobre as oportunidades que ofrece a UE para a mocidade.</li> <li>- Información á mocidade galega sobre as distintas iniciativas e programas europeos deseñados para eles.</li> </ul>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### B) Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número Previsto	Nº horas / ano Previsto
Persoal asalariado	7	2.496

**C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.**

<b>Tipo</b>	<b>Número Previsto 2026</b>
Persoas físicas – directas	300
Persoas xurídicas	20

**D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.**

<b>Obxectivo</b>	<b>Indicador</b>	<b>Cuantificación</b>
APOIAR AOS MOZOS E MOZAS GALEGOS COMO CIDADÁNS ACTIVOS E PARTICIPATIVOS NO PROCESO DE CONSTRUCCIÓN EUROPEA (EUROXUVENTUDE)	– Informar aos mozos e mozas das oportunidades que ofrece a UE	182

## 2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVESTIMENTOS	DEFENDER OS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE	PROMOVER A PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	INFORMAR E SENSIBILIZAR SOBRE A UE EN GALICIA	FORMAR EN ASUNTOS EUROPEOS	APOIAR AOS MOZOS E MOZAS GALEGOS COMO CIDADÁNS ACTIVOS E PARTICIPATIVOS NO PROCESO DE CONSTRUCCIÓN EUROPEA (EuroXuventude)	TOTAL
Gastos por axudas e outros						
a) Axudas monetarias	11.000,00			38.126,70		49.126,70
b) Axudas non monetarias						
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno						
Gastos de persoal	245.867,83	69.907,23	64.585,31	63.268,19	68.622,48	512.251,04
Outros gastos de Explotación	120.764,10	28.984,52	29.552,52	34.876,87	87.426,81	301.604,82
Amortización do inmovilizado	24.316,00	15.197,50	3.039,50	12.158,00	6.079,00	60.790,00
<b>Subtotal</b>	<b>401.947,93</b>	<b>114.089,25</b>	<b>97.177,33</b>	<b>148.429,76</b>	<b>162.128,29</b>	<b>923.772,56</b>
Investimentos (excepto bens patrimonio histórico)	4.900,00	700,00		1.400,00		7.000,00
Subtotal recursos	4.900,00	700,00	-	1.400,00	-	7.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>406.847,93</b>	<b>114.789,25</b>	<b>97.177,33</b>	<b>149.829,76</b>	<b>162.128,29</b>	<b>930.772,56</b>

### 3.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

#### 3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
<b>Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio</b>	
<b>Vendas e prestacións de servizos das actividades propias</b>	
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude	42.500,00
Consellería de Facenda	29.633,00
<b>Ingresos comúns das actividades mercantís</b>	
Aluguer oficina	12.000,00
<b>Subvencións do sector público</b>	
Xunta de Galicia	662.685,00
Axencia Galega de Innovación	34.963,35
Consortio Zona Franca de Vigo	18.000,00
Deputación da Coruña	15.000,00
Deputación de Lugo	15.000,00
<b>Achegas privadas</b>	
ABANCA	40.000,00
<b>Outros tipos de ingresos</b>	
Ingresos de proxectos europeos	50.991,21
Ingresos financeiros	10.000,00
<b>TOTAL INGRESOS PREVISTOS</b>	<b>930.772,56</b>

#### 3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	-
Outros deberes financeiros asumidos	-
<b>TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS</b>	<b>-</b>